



**Galicia**

na Unión Europea



# ÍNDICE

Prólogo	3
<hr/>	
Introducción	5
<hr/>	
1. Galicia: características físicas e demográficas	5
<hr/>	
2. Situación actual e dinámica económica de Galicia	8
<hr/>	
3. As axudas da Unión Europea a Galicia	18
<hr/>	
4. O impacto das axudas europeas en Galicia	35
<hr/>	
Bibliografía básica	39
<hr/>	



## PRÓLOGO

*A Representación en España da Comisión Europea publica a 3ª edición da obra "As Comunidades Autónomas españolas na Unión Europea", que consta de vinte fascículos, un por cada unha das 17 Comunidades Autónomas, máis Ceuta, Melilla e, por último, un introductorio que abrangue toda España.*

*O enfoque que se seguiu é, coma en edicións anteriores, o rexional, facendo fincapé nas accións estruturais efectuadas en cada rexión a través dos Fondos Estructurais, o Fondo de Cohesión e as iniciativas comunitarias. Inclúense distintos exemplos de actuacións nos que se traduciron as intervencións comunitarias así como unha avaliación do impacto das accións estruturais a través da súa achega ó crecemento económico e ó proceso de converxencia real.*

*O feito de que esta publicación examine o impacto das accións estruturais sobre as rexións non debe facer esquecer que o obxectivo perseguido nos distintos Tratados é o da cohesión económica e social, sinalándose expresamente que todas as políticas comunitarias deben coadjuvar a conseguir tal obxectivo. Por iso e aínda tendo en conta que as accións estruturais representarán en 1999 o 35% do orzamento comunitario cómpre non perder de vista o impacto que outras políticas, especialmente a PAC, han ter sobre a cohesión.*

*O avance da Unión europea ponse de manifesto considerando tres feitos: a entrada en vigor dun novo Tratado, o de Amsterdam; a entrada en vigor desde o 1 de xaneiro de 1999 dunha nova moeda común, o euro, en once países; e a existencia dun mercado único.*

*Emporiso, todo isto non debe facer esquecer os retos ós que se enfronta a Unión e ós que a Comisión Europea intenta dar resposta no seu documento Axenda 2000. Tales retos resúmense na necesidade de mellorar as políticas da Unión, axudar os países candidatos a se prepararen o mellor posible antes da súa adhesión e, por último, o establecemento dun novo marco financeiro. As propostas da Comisión recollidas na Axenda 2000 darán lugar a decisións que serán tomadas polo Consello e o Parlamento Europeo. A súa aplicación repercutirá positivamente na cohesión económica e social dos países integrantes da Unión.*



Miguel Moltó

DIRECTOR DA REPRESENTACIÓN  
DA COMISIÓN EUROPEA EN ESPAÑA



# INTRODUCCIÓN

Desde que, coa aprobación da Constitución de 1978, se configurara en España un Estado das Autonomías, Galicia é unha das dezasete comunidades autónomas que o conforman. Pola súa vez, desde o punto de vista comunitario, Galicia é unha rexión NUT 2 -que forma parte, xunto con Asturias e Cantabria, da rexión NUT 1 Noroeste- que, desde a adhesión española á Unión Europea, se ten beneficiado de forma notable de axudas outorgadas polos fondos estruturais.

## 1. GALICIA: CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E DEMOGRÁFICAS

A Comunidade Autónoma de Galicia, cunha extensión de 29.575 km<sup>2</sup>, ten unha poboación de 2.742.622 habitantes e administrativamente está constituída por catro provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra). A orografía da rexión, relativamente accidentada, caracterízase pola presenza de estribacións do macizo cántabro-galaico e un tercio do seu territorio ten unha altitude superior ós 600 metros.

Galicia caracterízase por ter unha poboación atomizada e dispersa no seu territorio. Cun total de 314 municipios (dos cales soamente dezoito superan os 20.000 habitantes) e 30.190 entidades singulares de poboación, a súa densidade media é de 92,7 hab./km<sup>2</sup> fronte ós 78,4 hab./Km<sup>2</sup> do conxunto do Estado. Así pois, malia que a participación da poboación de Galicia no total nacional veu decrecendo desde comezos do século como consecuencia da emigración, a súa densidade aínda supera a media española. Sen embargo, existen grandes diferencias espaciais que van desde os 203,6 hab./km<sup>2</sup> na provincia de Pontevedra, ata os 37,7 hab./km<sup>2</sup> en Lugo. Estas fortes diferencias están estreitamente relacionadas coas distintas pautas de industrialización e desenvolvemento agrario seguidas en diversas zonas de Galicia que, unidas ó transvasamento poboacional que se observa entre as provincias orientais e as occidentais configuran o proceso de concentración e polarización da súa poboación que se vén producindo ó longo das últimas décadas.

Así, a maior parte da súa poboación concéntrase na zona costeira occidental, que é a que exhibe un maior desenvolvemento económico e un grao de urbanización máis elevado. Nos últimos anos, a mellora das infraestruturas viarias favoreceu o desenvolvemento urbano do corredor que abarca desde a fronteira portuguesa ata Ferrol, en detrimento da Galicia interior, que combina un menor nivel de desenvolvemento económico cunha forte regresión demográfica. O máis claro expoñente desta dualidade demográfica é a concentración do 74% da poboación nas provincias da Coruña e Pontevedra, cunha densidade media catro veces superior á das provincias de Lugo e Ourense. Nestas últimas,

## MAGNITUDES BÁSICAS

	EUR15	ESPAÑA	GALICIA
Superficie	100,0	15,8	0,9
Poboación en %	100,0	10,5	0,7
PIB ppc <sup>1</sup> % (1995)	100,0	8,1	0,4
PIB por habitante ppc en % (1995)	100,0	77,0	60,0
Densidade demográfica (1995)	118,8	78,0	92,8
Evolución demográfica (%1981-1981) <sup>2</sup>	0,3	0,3	-0,1
Poboación menor de 25 anos en % (1996)	30,7	32,7	30,3
Poboación maior de 65 anos en % (1996)	15,6	15,4	18,1
<b>Mercado de traballo</b>			
Taxa de actividade <sup>3</sup> (1995)	54,8	48,2	47,9
Taxa de actividade homes (1995)	68,1	61,9	58,9
Taxa de actividade mulleres (1995)	44,4	35,4	38,0
Taxa de paro (1996)	11,0	22,3	19,0
Taxa de paro homes (1996)	9,7	17,8	15,5
Taxa de paro mulleres (1996)	12,8	29,5	24,0
Taxa de paro < 25 anos (1996)	21,8	41,9	39,3
<b>Estructura do emprego (1977)</b>			
Agricultura	5,0	8,3	22,2
Industria	29,4	29,9	27,6
Servicios	65,3	61,8	50,2

Notas: <sup>1</sup> ppc por millón de poder de compra (pareso galego); <sup>2</sup> LVI2; <sup>3</sup> Poboación activa e poboación activa e a poboación total en idade de traballo.  
 Fonte: EUROSTAT; Regiones, Anuario Estadístico (1996); Regiones, Estadísticas en Breve, nº 3, 1996, e Estadísticas in Focos, nº 1, 1996.

as áreas de concentración urbana practicamente limítanse ás respectivas capitais de provincia; o resto dos municipios sitúase por debaixo dos 20.000 habitantes.

A estrutura por idades da poboación galega reflicte un proceso de envellecemento preocupante no que se combina un aumento paulatino das persoas de máis de 65 anos cunha menor presenza de persoas menores de 15 anos de idade. Neste terreo, Galicia comparte unhas tendencias que son comúns ás sociedades europeas occidentais, se ben no noso caso os efectos derivados dos fluxos migratorios e, máis recentemente, da forte caída da taxa de natalidade, acentuaron o declive demográfico (cadro 1). Actualmente, e malia que os movementos migratorios cesaron, o ritmo de renovación xeracional non permite esperar cambios nas súas tendencias básicas. O crecemento vexetativo é negativo (a poboación diminuíu en 9.535 persoas en 1995) e espérase un aumento do envellecemento nos próximos anos. Ámbalas tendencias serán especialmente preocupantes nas provincias de Lugo e Ourense.

## 2. SITUACIÓN ACTUAL E DINÁMICA ECONÓMICA DE GALICIA

### 2.1.- Producción, produtividade e renda.

En 1997, o PIB galego representaba o 5,8% do total español, achega que se mantivo relativamente constante ó longo da última década. Sen embargo, a súa estrutura sectorial experimentou algunhas transformacións que deben ser mencionadas (cadro 2). Así, entre 1986 e 1997, tanto o PIB agrario como o industrial reduciron lixeiramente o seu peso no total, mentres que a construción e, sobre todo, os servicios viron incrementada a súa participación. A pesar de que o grao de terciarización da economía galega se incrementou nos últimos anos, aínda se sitúa varios puntos por debaixo da media estatal así como da media da Unión Europea. Por outra parte, os cambios producidos non impediron que Galicia siga ostentando unha contribución do sector primario ó PIB moi superior á española, algo que en menor medida sucede tamén co sector da construción. Pola súa parte, a industria experimentou no mencionado período unha taxa de crecemento lixeiramente superior á media estatal, o cal non impe-

**PIB: NIVEL, ESTRUCTURA E TAXAS DE VARIACIÓN**

PIB*	GALICIA				ESPAÑA			
	1.986	1.991	1.994	1.997	1.986	1.991	1.994	1.997
<b>Total</b>	1.935.626	2.422.628	2.412.506	2.690.797	92.558.012	40.833.437	40.846.589	44.823.966
Agricultura	224.712	270.887	293.080	264.883	1.874.939	2.093.489	2.533.854	2.848.028
Industria	508.398	617.039	692.664	668.581	9.381.921	11.787.965	10.774.369	11.938.401
Construción	199.628	234.183	219.249	231.852	2.132.379	3.275.216	2.565.893	3.194.345
Servicios	1.044.888	1.300.439	1.331.412	1.441.871	19.269.103	25.793.829	24.662.413	26.852.692
<b>Estructura</b>								
Agricultura	11,6	11,2	11,9	10,3	8,1	8,4	6,3	8,4
Industria	26,2	25,3	24,8	20,4	28,7	27,3	26,4	29,8
Construción	3,2	9,7	9,1	8,9	8,5	8,0	7,3	7,1
Servicios	54,0	53,7	54,2	59,5	54,7	56,3	60,2	54,9
<b>Taxas de variación</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.996-97</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.996-97</b>
<b>Total</b>	4,8	-1,0	2,6	2,7	4,8	-2,2	3,2	3,0
Agricultura	3,8	2,4	-0,6	1,5	3,6	1,0	4,0	3,4
Industria	4,0	-2,8	3,6	2,4	3,8	-5,1	3,8	2,2
Construción	8,0	-6,8	1,9	3,4	9,0	-6,8	2,8	3,7
Servicios	4,6	-0,2	2,7	3,0	4,9	-0,7	3,0	3,1

\* Datos en millóns de pesetas de 1986  
Fonte: INECIA

diu que a súa participación no PIB experimentase unha lixeira caída.

PRODUCTIVIDADE: NIVEL, ESTRUCTURA E TAXAS DE VARIACIÓN								
	GALICIA				ESPAÑA			
	1.986	1.991	1.994	1.997	1.986	1.991	1.994	1.997
<b>Productividade*</b>								
Total	1.913	2.393	3.033	2.878	2.992	3.208	3.482	3.512
Agricultura	521	595	1.025	1.346	1.124	1.930	2.202	2.999
Industria	3.517	3.888	4.495	4.333	3.547	3.864	4.355	4.627
Construción	2.427	2.253	2.429	2.349	2.985	2.572	2.792	2.573
Servizos	2.666	2.925	3.095	3.168	3.388	3.351	3.488	3.410
<b>Estructura</b>								
Total	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Agricultura	27,2	27,2	38,9	46,8	37,6	59,8	63,2	76,0
Industria	173,4	163	179,7	150,6	118,0	119,3	125,1	131,7
Construción	128,9	94,2	82,3	81,6	85,7	78,4	80,2	73,2
Servizos								
<b>Taxas de variación</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.986-97</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.986-97</b>
Total	-4,6	1,7	3,0	3,8	1,8	2,0	0,3	-1,8
Agricultura	11,2	1,8	8,5	9,0	11,4	5,8	6,8	6,2
Industria	-3,5	9,7	-1,2	2,5	1,7	-4,8	2,9	2,4
Construción	-1,5	3,3	-1,1	-0,3	0,1	2,4	-2,7	0,0
Servizos	0,2	0,1	2,8	0,8			0,8	0,1

\*Nota (\*) En miles de pesetas constantes de 1995.  
Fuente: IPI, I.P.V., FUMCAD y elaboración propia.

A achega sectorial ó PIB total en Galicia e España contrasta fortemente coa distribución sectorial do emprego e a súa evolución en ámbolos espacios económicos, especialmente no caso do sector primario. Isto permite explicar as fortes diferencias observadas en termos de productividade (cadro 3). Así, tanto a productividade total na Comunidade Autonoma de Galicia coma a dos catro grandes sectores é inferior ós valores medios da economía española, e é de destacar a importante fenda existente no caso do sector primario, no cal a productividade galega é a metade da existente no conxunto do Estado. Emporiso, entre 1986 e 1997, hai que anotar un notable proceso de converxencia en productividades, cunha redución do diferencial existente entre Galicia e España que pasou do 63,9% ó 81,9%. O protagonismo no devandito proceso correspondeu á agricultura e ós servizos, sectores que no citado período amosaron un mellor comportamento cós seus homólogos españois. En contraposición, a industria mantivo unha pauta moi similar en ámbolos espacios económicos, mentres que a construción en Galicia deu un balance máis desfavorable, sendo o único sector que experimentou unha deterioración no seu diferencial de productividade.

Se tomamos como referencia temporal o período 1975-97, podemos distinguir dúas etapas no proceso de converxencia, en termos de PIB per capita, entre Galicia, España e a Unión Europea (cadro 4). Na década que transcorre entre 1975 e 1985 produciuse un retroceso na converxencia coa UE, que foi moito máis notorio no caso español ca no galego. A partir de 1986, iníciase a fase de recuperación, no transcurso da cal o PIB per cápita de Galicia pasou de representar o 57,2% do PIB medio da UE ata o 63,4% en 1996. Con relación á media española, o proceso de converxencia do PIB per cápita de Galicia foi menos intenso, situándose en 1996 no 82,2% da media nacional.

PIB PER CAPITA DE GALICIA, ESPAÑA E EUR 15					
	ESPAÑA	UNION EUROPEA	GALICIA	INDICE DE ESPAÑA EUR15=100	INDICE DE GALICIA EUR15=100
1960	516.880	903.636	358.546	57,2	39,7
1975	1.159.863	1.490.826	868.680	77,8	58,3
1985	1.396.169	2.000.242	1.145.194	69,8	57,2
1996	1.894.266	2.485.940	1.576.528	76,2	63,4

Nota: en millóns de pesetas constantes de 1986.  
 Fonte: Fundación BBV, "Estado Nacional de España y su distribución provincial. Síntesis. Panorama de crecimiento económico 1960-1996.  
 Comparación de las CC.AA. con la Unión Europea". 1997.

En termos de renda familiar dispoñible, Galicia sitúase entre as comunidades autónomas de menor nivel. Sen embargo, a evolución desta variable mostrou nos últimos anos unha aproximación máis decidida á media do Estado có PIB per cápita, pasando de representar o 88,2% en 1985 ó 91,1% en 1996. A información sobre a renda familiar dispoñible é particularmente relevante dado que, ademais de ser un indicador máis preciso do nivel de vida da poboación, amosa o efecto redistributivo promovido polos mecanismos convencionais do estado de benestar e os fluxos de solidariedade entre comunidades. Concretamente, no caso galego, a redistribución da renda operada a través da Seguridade Social Agraria desempeña un papel decisivo que se manifesta nunha sensible mellora nalgunhas provincias respecto á súa posición relativa no ranking do PIB per cápita.

## 2.2.- Mercado de traballo.

As transformacións experimentadas polo mercado de traballo en Galicia ó longo da última década traducíronse nunha clara aproximación dos seus indicadores básicos (taxas de actividade, ocupación e paro) ós valores medios do conxunto da economía española. Dado que a comezos dos anos oitenta existían diferencias notables entre ámbolos mercados laborais, producíronse algúns comportamentos diferenciados que deben ser indicados:

- Durante a última década produciuse un importante descenso da poboación activa en Galicia, descenso que foi especialmente intenso nos homes. Precisamente, un dos trazos máis distintivos do mercado laboral galego ata datas relativamente recentes era a súa elevada taxa de actividade, que superaba claramente a media española debido sobre todo ás marcadas diferencias existentes nas taxas de actividade femininas, que nalgúns anos representaban máis de dez puntos de diferenza a favor de Galicia. O peso do sector primario no mercado de traballo, a elevada taxa de feminización do emprego agrario e o seu alto grao de envellecemento, son os factores que, en boa medida, explican o comportamento diferenciado da taxa de actividade galega respecto da española, materializado nun forte fluxo de abandonos da actividade. Isto traducíuse nunha caída de cinco puntos na taxa de actividade desde 1986, mentres que para o conxunto español a citada taxa aumentou en dous puntos, situándose por primeira vez en 1997 por riba da galega.

MERCADO DE TRABALLO. MAGNITUDES BÁSICAS								
	GALICIA				ESPAÑA			
	1.886	1.991	1.994	1.997	1.986	1.991	1.994	1.997
Poboación 16 anos e máis	2.189,8	2.265,0	2.283,1	2.301,2	39.987,8	39.690,1	31.568,1	32.345,1
Activos	1.167,7	1.153,8	1.126,4	1.108,0	13.813,8	15.073,1	15.488,3	16.171,0
Ocupados	1.011,8	1.012,9	816,9	902,4	10.885,9	12.608,4	11.730,1	12.764,6
Parados	155,8	140,9	309,5	205,6	2.927,9	2.464,7	3.758,1	3.406,4
Taxa de actividade	53,3	50,9	49,3	48,0	47,9	48,1	49,0	49,8
Taxa de ocupación	46,7	44,7	40,2	39,2	37,6	41,1	37,2	36,4
Taxa de paro								
Total	13,3	12,2	19,3	18,4	21,2	16,3	24,2	20,8
Agricultura	1,2	1,5	2,1	2,9	12,9	12,8	18,3	18,9
Industria	13,8	10,8	15,8	11,9	14,9	10,1	16,3	10,3
Construción	24,7	13,6	27,7	19,0	36,5	16,2	28,2	19,6
Servizos	8,7	8,2	12,5	10,0	12,2	9,1	14,3	11,3

Fonte: INE, "EPA" e elaboración propia.

- A evolución do emprego estivo marcada por un proceso de destrución moi intenso no sector primario que non foi compensado polos aumentos experimentados polas restantes ramas. O envellecemento progresivo da poboación ocupada nas ramas agrarias constitúe o factor máis importante á hora de explicar a caída da ocupación. Emporiso, non toda a redución do emprego agrario se debe a un compoñente demográfico, senón tamén a outros factores, como pode ser o transvasamento de man de obra ás ramas non primarias. Estas experimentaron evolucións distintas que no caso dos servizos e a construción deron un saldo claramente positivo, mentres que o sector industrial, a pesar da recuperación exhibida nestes últimos anos, non foi capaz de superar o nivel de ocupación existente dez anos antes. Todo isto traducíuse nunha estrutura sectorial do emprego caracterizada por un peso aínda moi importante do sector primario, en detrimento da industria e, sobre todo, dos servizos, amosando a economía galega un grao de terciarización claramente inferior á media española. Malia que o balance da década reflicte transformacións importantes na estrutura da ocupación, un maior ritmo de creación de emprego nas ramas non primarias debería favorecer a consolidación dunha estrutura máis equilibrada nos próximos anos.

OCUPACIÓN: NIVEL, ESTRUCTURA E TAXAS DE VARIACIÓN								
	GALICIA				ESPAÑA			
	1.986	1.991	1.994	1.997	1.986	1.991	1.994	1.997
<b>OCUPADOS</b>								
Total	1.011,80	1.012,90	918,2	802,4	10.890,8	12.606,4	11.735,1	12.764,8
Agricultura	431,5	306,1	262,5	196,8	1.757,0	1.345,1	1.151,0	1.007,4
Industria	162,7	166,8	131,8	152	2.898,3	2.680,2	2.473,8	2.680,3
Construcións	65,8	104	90,3	98,8	831,3	1.273,5	1.258,7	1.242,7
Servizos	360,6	444,8	431,6	456,1	5.898,1	7.100,7	7.548,8	7.874,2
<b>Estructura</b>								
Agricultura	42,7	30,2	28,7	21,8	16,2	10,7	9,8	8,4
Industria	15,1	15,8	14,4	19,8	24,3	22,9	21,1	20,2
Construción	6,5	10,3	9,9	10,9	7,7	10,1	9,0	9,7
Servizos	35,7	43,9	47,1	56,4	51,9	56,3	60,1	61,7
<b>Taxas de Variación</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.986-97</b>	<b>1.986-91</b>	<b>1.992-93</b>	<b>1.994-97</b>	<b>1.986-97</b>
Total	0,0	-0,7	-0,5	-1,0	3,0	-4,3	2,9	1,5
Agricultura	-8,6	0,5	-9,2	-6,9	-6,2	-4,4	-2,5	-4,4
Industria	0,7	-11,2	-4,9	0,0	1,8	-9,4	1,4	-0,2
Construcións	9,6	-8,6	-3,0	3,8	8,9	-9,0	5,5	3,7
Servizos	4,3	-0,2	1,8	2,1	4,7	-1,4	3,8	3,1

Fuente: INE "IQA" y estimación propia.

- En consonancia coa evolución do emprego, o paro amosou unha traxectoria ascendente en Galicia ata 1996, iniciándose a partir de aquí unha caída como consecuencia da recuperación da actividade económica. Un trazo distintivo da evolución do desemprego en Galicia respecto a España foi que o incremento producido ó longo da última década se debeu á destrución de emprego e non á incorporación de novos activos ó mercado laboral, como ocorre para o conxunto nacional. Cómpre subliñar tamén que as diferencias entre a taxa de paro galega e a española se explican en boa medida polas taxas de paro nos seus respectivos sectores agrarios, practicamente inexistente no campo galego debido á súa estrutura da propiedade fronte a unha taxa que para o conxunto do Estado alcanzou o 18,9% en 1997. O mesmo ca noutras moitas rexións da UE, a redución do desemprego é un dos obxectivos fundamentais da Comunidade Autónoma de Galicia, obxectivo que require, ademais dun crecemento elevado e sostido durante os próximos anos, o desenvolvemento de políticas activas que permitan hacer fronte a problemas de índole estrutural como, por exemplo, o forte peso que adquiriu durante os últimos anos o desemprego de longa duración.

### **2.3.- Relacións comerciais coa Unión Europea**

Ó longo dos últimos anos observouse un claro progreso do comercio exterior de Galicia, demostrativo da crecente integración da súa economía nos mercados internacionais. Se ben o seu grao de apertura exterior é lixeiramente inferior á media española, a variación experimentada na última década revestiu maior intensidade. A evolución da taxa de cobertura amosa que a economía galega pasou de cubrir soamente dúas terceiras partes das súas importacións a comezos desta década a situarse no 91% en 1997, seis puntos por encima da cobertura comercial española. A reactivación da economía galega nestes últimos anos tivo no comercio exterior un dos seus principais protagonistas.

A análise da estrutura xeográfica do comercio exterior de Galicia amosa unha clara concentración nos países da UE, fundamentalmente en Francia, Portugal, Reino Unido, Italia e Alemaña. O comercio con estes cinco países representou en 1997 o 65,9% das exportacións galegas e o 59,1% das súas importacións, destacando a forte relación comercial existente con Francia e Portugal. Ámbalas economías absorberon o 43,7% das exportacións e o 42,9% das compras exteriores da Comunidade Autónoma. Esta clara dependencia do

**GRADO DE APERTURA EXTERIOR COA UNIÓN EUROPEA**

C.C. A.A.	1.988	1.989	1.990	1.991	1.992	1.993	1.994	1.995	1.996	Media 88-96	Variación 88-96
Andalucía	8,5	8,3	8,2	9,1	8,2	8,7	10,2	11,3	11,3	9,3	2,8
Aragón	26,9	27,9	26,3	26,8	29,1	33,4	42,1	44,8	44,9	33,5	10,0
Aurias	7,3	9,4	9,1	8,5	9,1	7,0	8,3	10,2	11,0	8,9	3,7
Baleares	4,2	2,4	2,2	3,4	2,4	3,1	4,4	4,0	6,2	3,6	2,0
Cantarias	11,5	10,6	9,4	8,2	8,1	8,4	8,4	8,4	7,1	8,0	-4,4
Cataluña	13,0	14,5	14,4	13,8	13,4	15,1	20,2	23	24,1	18,8	11,1
Castilla-La Mancha	8,7	8,3	8,5	8,9	8,7	9,3	10,7	13,1	13,7	10,0	5,0
Castilla-León	14,3	16,6	17,6	17,9	20,6	22,7	28,6	30,1	31,9	22,3	17,6
Cataluña	26,1	26,2	26,4	26,1	26,5	25,9	33,1	36,4	36,5	29,7	12,5
C. Valenciana	20,3	19,7	19,1	20,4	19,8	21,2	25,1	26,1	27,4	22,1	7,5
Euzkadi	3,4	3,6	3,2	3,4	3,4	4,2	5,7	6,3	6,2	4,4	2,8
Gallia	12,1	13,3	13,6	13,1	13,2	17,3	20,1	21,8	24,5	16,5	12,4
Madrid	21,3	22,3	22,3	21,9	21,2	19,3	23,2	23,6	29,1	22,6	6,8
Murcia	13,2	13,0	12,6	12,8	11,9	13,8	15,8	18,3	19,5	14,5	8,3
Navarra	32,6	34,3	36,4	44,5	35,6	43,2	46,7	56,7	57,5	40,5	24,9
País Vasco	26,8	27,3	26,4	26,5	24,1	23,0	24,3	31,5	30,9	27,1	4,3
Riña (L.)	10,8	10,0	10,3	11,2	11,0	12,0	16,4	18,1	21,4	13,5	10,6
España	17,9	18,4	18,4	18,5	18,6	19,0	22,6	24,3	26,0	20,4	6,1

Nota: Base de apertura = (2000/1988) x 100

Fonte: Elaboración propia con base nos datos da Subdirección Xeral de Subvencións Xerais de Administracións de Aduanas e Impostos Especiais.

comercio exterior galego do mercado comunitario acentuouse coa entrada de España na UE. Complementariamente, a análise das importacións e das exportacións por produtos amosa tamén un elevado grao de concentración que nos últimos anos se viu acompañado por un aumento do comercio intraindustrial cos países da UE.

## **2.4.- Estrangulamentos e potencialidades**

A economía galega estivo inmersa nun proceso de adaptación e cambio estrutural moi importante no transcurso do cal se puxeron de manifesto os seus puntos fortes e débiles. A súa cita inmediata coa moneda única é unha oportunidade inmillorable para recordar cáles son os principais estrangulamentos e potencialidades que deben guiar as actuacións de política económica nesta nova etapa.

### *-Estrangulamentos*

Desde un punto de vista estrutural, Galicia configúrase como unha rexión periférica, cun sistema de infraestruturas de comunicacións e transportes deficiente, o mesmo que a dotación de equipamentos e servizos básicos, o cal, unido a un elevado grao de dispersión da poboación, favoreceu o illamento e freou a modernización das actividades productivas.

Complementariamente, como consecuencia da emigración e, sobre todo, da baixa fecundidade, o crecemento demográfico foi sensiblemente inferior á media nacional, cun grao de envellecemento da poboación preocupante que, con toda probabilidade, se agudizará nos próximos anos. A iso habería que lle engadir un escaso nivel de cualificación profesional da man de obra en moitas das ramas productivas con maior peso en termos de ocupación.

En relación coa estrutura productiva, as mutacións sufridas pola agricultura non impediron que a súa produtividade se sitúe aínda en niveis moi baixos. Os tradicionais déficits do sector (existencia dun importante excedente de man de obra cun elevado grao de envellecemento e escasa formación; raquitismo e fragmentación das explotacións; forte rixidez do mercado da terra, etc.), hai que lle engadir unha especialización productiva que se viu afectada de forma decisiva pola reforma da PAC.

Pola súa parte, o sector pesqueiro encóntrase inmerso nun proceso marcado pola inestabilidade e a incerteza. As perspectivas institucionais, relativas ós acordos sobre o acceso ós recursos e a conservación de stocks, coloca a flota galega ante a necesidade de modificar o seus comportamentos e de se adaptar (en estratexia e dimensión) ás novas condicións. Subsisten desaxustes flota-recursos que, nun marco cada vez máis restrictivo para acceder a novos caladoiros, suscitan a necesidade de novos axustes estruturais.

O panorama da industria reflicte a coexistencia dun reducido número de sectores relativamente ben posicionados nos seus respectivos mercados cun grupo importante de actividades en declive, de escaso contido tecnolóxico e baixa produtividade. O groso da empresa industrial sitúase en segmentos de dimensión reducida e encóntrase excesivamente concentrada, tanto espacialmente como en termos de especialización productiva. Por outra parte, nos últimos anos a industria galega amosou unha escasa capacidade para atraer capital estranxeiro.

En relación co sector servicios, o proceso de terciarización, ademais de insuficiente, foi acompañado dunha composición cualitativa pouco favorable. Malia o seu crecemento, as ramas que integran o segmento máis avanzado dos servicios aínda representan unha parte relativamente pequena do sector, no que os servicios tradicionais, con baixa produtividade, manteñen a súa participación maioritaria. O nivel de integración directa dos servicios no entramado productivo galego é, en xeral, débil e heteroxéneo.

### *-Potencialidades*

Como contrapunto ós puntos débiles da economía galega, existe unha serie de factores representativos das súas fortalezas que, en boa medida, definen o su potencial de crecemento no futuro inmediato. Tanto no terreo dos recursos naturais (agrarios, forestais, minerais, marítimos), como humanos (sectores nos que a cualificación da man de obra e a relación produtividade-salarios lle outorgan unha vantaxe competitiva) existen puntos de apoio importantes para articular unha estratexia de desenvolvemento. Por outra parte, a elevada capacidade enerxética, a aparición de conglomerados industriais, o potencial existente no desenvolvemento dalgunhas actividades de servicios (turismo) ou as complementariedades existentes coa Rexión Norte de Portugal, resumen algunhas das vantaxes susceptibles de seren explotadas.

A nivel sectorial hai que destacar, en primeiro lugar, o carácter de zona forestal privilexiada que ostenta Galicia no marco da UE. Este subsector ofrece un gran potencial productivo no que o uso madeirable é compatible co desenvolvemento doutras actividades como silvicultura, turismo rural e de natureza, actividades recreativas, etc., que ademais de xeraren emprego poden contribuír á fixación da poboación rural.

A pesca e o marisqueo constitúen actividades estratéxicas na Galicia costeira, con vantaxes competitivas que se centran no acceso ós recursos naturais, o abastecemento dun importante mercado nacional e a especialización do seu capital humano. Ademais, é unha das poucas actividades que permitiu a formación dun certo tecido industrial en sectores afíns (naval, conserveiro, conxelados) e conta con canles de distribución consolidados. O Plan de Pesca da Xunta de Galicia ten como obxectivos básicos a renovación e adaptación da flota pesqueira ós recursos dispoñibles, a ordenación do marisqueo, o fomento da acuicultura e o apoio á transformación e comercialización dos produtos pesqueiros.

A prolongación de ciclos productivos e a explotación do potencial dalgúns clusters industriais con gran dinamismo e capacidade de arrastre, así como o impulso de actividades competitivas, innovadoras ou de futuro (moda e confección, produción alimentaria de calidade, química, biotecnoloxía, telecomunicacións, ocio, etc.) definen algunhas das potencialidades e oportunidades ás que actualmente se enfronta a industria galega.

Os importantes recursos turísticos de Galicia outórganlle a posibilidade dun elevado potencial de desenvolvemento, capaz de facer fronte ós notables cambios que se están a producir na demanda. Para tales efectos, é fundamental elevar o nivel de calidade da oferta, mellorar a formación profesional, e impulsar as canles de comercialización para consolidar a posición actual e incrementalala nos próximos anos, dado o enorme potencial de crecemento dos mercados turísticos.

### 3. AS AXUDAS DA UNIÓN EUROPEA A GALICIA

### 3.1.- Axudas comunitarias. 1986-1993

A integración española en 1986 na CEE supux un cambio significativo no que se refire ás políticas de corte rexional. Durante o período 1986-1988 a política rexional comunitaria estaba constituída por un sistema de axudas e préstamos no que destacaban as accións dos tres fondos estruturais: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE) e, no campo das estruturas agrícolas, o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA- Orientación). Tamén eran importantes como instrumentos para reducir os desequilibrios das rexións máis desfavorecidas o Banco Europeo de Investimentos (BEI) e os fondos CECA.

O FEDER era o instrumento fundamental da política rexional comunitaria. Reformado no ano 1984, o regulamento vixente naquel período permitía financiar proxectos de infraestrutura, así como proxectos de investimento en actividades industriais, artesanais ou de servizos, sempre no marco do Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) de cada Estado. Os proxectos en infraestruturas financiados no ano 1986 só eran competencia da Administración central e en Galicia subvencionaron 36 proxectos por valor de 5.486,8 millóns de pesetas. A diferenza que se observa no cadro 8 débese a que se inclúe o apoio que o FEDER presta ás empresas industriais galegas. Tralo acordo alcanzado en 1986 no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, permitíase ás Comunidades Autónomas acceder a fondos FEDER cun límite máximo do 30 % do Fondo de Compensación Interterritorial. Así, en 1987 concédeselle á Administración autonómica subvención para 18 proxectos (4.059,8 millóns de pesetas de subvención) mentres que en 1988 esta cifra se eleva a 45 (4.889,2 millóns de pesetas). A relación de proxectos subdivídese en estradas, portos e obras hidráulicas.

Ademais do xa indicado, o FEDER financiaba os denominados programas comunitarios que tamén tiñan incidencia en Galicia; entre os máis significativos está o programa STAR (mellorar o acceso ós servizos avanzados de telecomunicación) e o programa VALOREN (aproveitamento do potencial enerxético endóxeno). O programa STAR en Galicia dirixiuse fundamentalmente ás áreas de Ferrol e das Rías Baixas.

A incidencia do FSE en Galicia no período 1986-1988 tamén foi significativa. Das dúas accións máis relevantes, formación profesional e apoio salarial, a maior parte dos fondos que figuran no cadro 8 destináronse á formación pro-

fesional dirixida a mozos menores de 25 anos. Pola súa parte, mentres o FEOGA-Garantía lles aseguraba ós agricultores un rendemento á súa produción, a Sección Orientación dirixíase cara a proxectos de reconversión, modernización e creación de explotacións agrícolas, así como cara ós proxectos de creación de actividades novas de carácter industrial complementarias das actividades agrícolas. No período analizado (1986-1988) as axudas cara a este fondo canalízanse en catro regulamentos, e concedéronse en Galicia durante estes tres anos 9.910,1 millóns de pesetas, que se destinaron principalmente á construción de barcos de pesca (1.524,5 millóns de pesetas) e á acuicultura (3.854,6 millóns de pesetas).

En 1989 comeza unha nova etapa na política rexional comunitaria que finaliza en 1993. Trala reforma dos fondos estruturais no ano 1988, Galicia

BALANCE DOS FONDOS ESTRUCTURAIS DA CEE APROBADOS PARA GALICIA (1986-1988)									
	1986			1987			1988		
	Competencia Ad. Central	Competencia Ad. Auton.	Total	Competencia Ad. Central	Competencia Ad. Auton.	Total	Competencia Ad. Central	Competencia Ad. Auton.	Total
FEDER	5.963,80	—	5.963,80	1.486,8	4.936,8	6.423,6	1.447,8	4.899,2	6.347,0
FSE	2.982,29	499,2	3.075,40	3.813,0	896,8	4.709,8	4.011,8	420,3	4.432,1
FEOGA-Orientación	1.982,80	52,8	2.018,80	3.233,5	24,0	3.257,5	1.424,8	416,5	1.841,3

Fonte: Comisaría de Economía e Fazenda, Xunta de Galicia.

convértese en rexión do obxectivo nº 1, ó ter un PIB por habitante inferior ó 75 % da media comunitaria. Isto permítelle ter acceso ós tres fondos estruturais. En marzo de 1989, o Goberno español presenta ante a Comisión o Plan de Desenvolvemento Rexional (PDR) para o conxunto das rexións españolas incluídas neste obxectivo e a Comisión, tras negociacións co Estado membro, aproba o Marco de Apoio Comunitario (MAC) para o período 1989-1993, en outubro de 1989 (cadro 9). Este é o documento de planificación fundamental que será desenvolvido neste período mediante programas operativos (PO) e outras formas de intervención. Como o MAC español se subdivide nun MAC plurirrexional e en tantos marcos rexionais como comunidades do obxectivo nº 1, Galicia recibiu durante este período fondos procedentes de ámbolos submarcos.

Mentres o FSE quedara totalmente rexionalizado, non sucedía o mesmo cos restantes fondos estruturais. Durante este período as actuacións do FSE

**MARCO COMUNITARIO DE APOIO (1989-1993). GALICIA.**

Eixos	Custo Total	Gasto Público Total	Subvencións Comunitarias				Financiam. Público	Financiam. Privado	Poblemas Comunitarios
			TOTAL	FEDER	FSE	FEOGA			
1. Integración e articulación territorial	275	275	159	0	0	0	118	0	33
2. Desenvolvemento do tecido económico	128	73	41	0	0	0	32	55	1
3. Turismo	30	15	8	0	0	0	7	15	1
4. Agrícola/Desenvolvemento rural	301	301	8	0	0	184	111	0	0
5. Infraestruturas de apoio ás actividades económicas	181	181	96	0	0	0	85	0	37
6. Valorización de recursos humanos	17	17	3	8	0	0	7	0	0
7. Asistencia técnica, acompañamento e información	3	3	3	0	0	0	0	0	0
8. Obxectivos nº 3 y 4	45	45	0	29	0	0	16	0	0
<b>Total</b>	<b>980</b>	<b>910</b>	<b>537</b>	<b>37</b>	<b>184</b>	<b>374</b>	<b>70</b>	<b>72</b>	

Fonte: Comisión Europea, España. "Marco comunitario de apoio 1989-1993. Obxectivo nº 1: desenvolvemento e axuda estrutural das rexións menos desenvolvidas", 1989.

centráronse en tres eixes prioritarios: valorización dos recursos humanos cunha contribución total de 60,08 millóns de ECUs; o obxectivo 3 (combater o paro de longa duración) para o que se destinan 48,51 millóns de ECUs; e o obxectivo 4 (facilitar a inserción profesional dos mozos) para o que se destinan 68,62 millóns de ECUs. En suma, o programado para este período elévase a unha contribución do FSE de 177,21 millóns, o que se complementa cun financiamento público nacional de 95,35 millóns de ECUs (75,57 da Administración central e 19,78 da autonómica).

Debido ó atraso na aprobación do MAC, ata o ano 1990 non se comezan a aprobar os programas operativos que o desenvolven. En 1990 e 1991 apróbanse 7 programas operativos que desenvolven totalmente o submarco galego e algún contén accións do submarco plurrrexional. Tres cuartos dos fondos FEDER destinados ós programas que desenvolven o MAC galego canalízanse mediante o denominado Programa Operativo de Galicia, 1990-1993, dedicado ás infraestruturas básicas. O seu obxectivo básico consiste en incidir na ruptura dos estrangulamentos propios do carácter periférico da rexión e a súa desarticulación territorial interna. O gasto previsto por este programa durante os seus catro anos de vixencia é de 95.569 millóns de pesetas, cun financiamento do FEDER de 45.345 millóns. O capítulo de estradas absorbe o 44,8 % do gasto total.

O segundo PO especificamente galego en canto á contía de axudas aprobadas destínouse á industria, os servicios, a artesanía e o turismo. O obxectivo básico é que o investimento privado contribúa ó desenvolvemento económico do sector industrial e de servicios, sen descoidar o apoio á artesanía e ó sector do turismo. Complementariamente, tamén se prestara apoio ó desenvolvemento das infraestruturas tecnolóxicas da rexión e ó amparo deste programa desenvóléronse centros actualmente xa en funcionamento como o Centro de Innovación e Servicios (CIS) de Ferrol, o Laboratorio de Granito do Porriño e a Planta de Tratamento de Residuos Sólidos das Somozas.

Polo seu enunciado pódese intuír os obxectivos dos restantes programas: PO de formación profesional e promoción de emprego (un importe global de 7.889 millóns de pesetas financiados polo FSE); PO de medio ambiente e recursos hídricos (2.144 millóns de investimento previsto); PO de protección do medio ambiente e conservación dos recursos naturais (4.400 millóns de investimento e a achega comunitaria é de fondos FEOGA); PO integrado para a mellora das condicións de produción agraria en Galicia; e PO de mellora da

<b>FONDOS COMUNITARIOS - PAGAMENTOS</b>										
	(millones de pesetas corrientes)									
	1.985	1.987	1.988	1.989	1.990	1.991	1.992	1.993	Total	Total per cápita
<b>FEDER</b>	4.148	3.258	4.110	6.626	9.956	9.879	37.176	27.344	98.349	35.165
<b>FSE</b>	1.893	3.068	2.571	4.077	3.709	9.134	7.215	7.740	37.512	13.412
<b>FEOGA-Orientación</b>		209	532	4.473	3.818	11.028	8.886	15.847	45.203	16.162
<b>Total Fondos Estructurales</b>	6.041	6.533	7.613	15.178	17.483	30.041	53.287	50.931	181.084	64.740
<b>Fondo-Garantía</b>	340	1.719	7.148	5.516	8.897	9.601	6.172	6.894	47.947	17.143
<b>Fondo de Cohesión</b>								2.201	2.201	786
<b>Total</b>	<b>6.381</b>	<b>8.252</b>	<b>14.761</b>	<b>20.692</b>	<b>26.380</b>	<b>39.642</b>	<b>61.459</b>	<b>60.026</b>	<b>231.212</b>	<b>82.670</b>

Fuente: Banco de España, Ministerio de Economía y Hacienda e Ministerio para las Administraciones Públicas

calidade e reorientación da produción agropecuaria en Galicia (o custo total era de 3.004 millóns de pesetas, dos que o FEOGA achegaba 1.653).

Xunto con estes programas específicos da Comunidade Autónoma, Galicia con cargo ó MAC plurirrexional participaba en programas que, recollendo actuacións da Administración central, local ou a empresa pública, afectaban tamén a outras rexións do obxectivo 1. Neste caso os programas máis importantes son: o PO local, destinado fundamentalmente á execución de obras de infraestrutura, e no que se prevía un investimento de 11.417 millóns de pesetas; PO de desenvolvemento científico, programa que destinaba a Galicia 1.937 millóns de pesetas para financiar proxectos das tres universidades galegas e, finalmente, o PO de Incentivos Económicos Rexionais que, cunha cuantía para o conxunto do obxectivo de 44.000 millóns de pesetas, complementa a política de axudas ás empresas que desenvolvía a Administración central.

Finalmente, durante este período e á marxe do MAC, funcionaban as Iniciativas Comunitarias, intervencións que, con modificacións legais, se mantiveron no seguinte período de planificación, 1994-1999, e alí serán comentadas con maior detalle.

É obvio que todos estes programas xeraron unha corrente de pagamentos a favor de Galicia, o que se recolle no cadro 10. Por pagamento enténdese o aboamento do importe ó axente con quen se contratou a realización dunha obra, non a obra executada en sentido físico. No cadro 10 apréciase con claridade o cambio na política rexional comunitaria ocorrida en 1989. Igualmente, debido ó atraso na aprobación do MAC e a conseguinte aplicación dos PO que o desenvolven, os pagamentos concentráronse nos anos 1992 e 1993 e aínda con cargo a este período se prolongaran ata o ano 1995. Neste cadro apréciase tanto o peso do FEDER no conxunto dos fondos estruturais como que en 1993 se iniciaron os pagamentos con cargo ós fondos de cohesión, fondos moi importantes no próximo período.

### **3.2.- Axudas comunitarias. 1994-1998**

Transcorrido o primeiro período de planificación, procedeuse a unha reforma nos regulamentos dos fondos estruturais para corrixir parte dos defectos detectados e dese xeito dotar de maior efectividade as novas medidas que se apliquen. Galicia, que nos tres anos anteriores non alcanzaba o 75 % do PIB per cápita comunitario, foi incluída de novo nas rexións do obxectivo 1, polo que continúan sendo de aplicación os tres fondos estruturais (FEDER, FSE e FEOGA-Orientación) ós que se lles engadiu o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) co fin de unificar antigos instrumentos do sector pesqueiro non incluídos nos fondos estruturais e contribuír á consecución do obxectivo 5 a) no que se refire á adaptación das estruturas pesqueiras. Este último fondo foi especialmente importante en Galicia dado o seu potencial pesqueiro.

Tras presentar o Estado español o Plan de Desenvolvemento Rexional das rexións incluídas no obxectivo 1 para o período 1994-1999, a Comisión, en común acordo co Estado membro aprobou, o MAC no que se desenvolve e cuantifica o conxunto de actuacións que se efectuarán nestes seis anos (cadro 11), intervencións que se realizarán, principalmente, en forma de programas operativos aínda que caben outras formas de intervención como subvencións globais, grandes proxectos ou réximes de axudas.

De forma similar ó período de planificación anterior, o MAC para as rexións do obxectivo 1 subdividiuse en submarcos rexionais, no cal se contemplaban actuacións cofinanciadas polas administracións autonómicas e un submarco plurirrexional no cal figuraban as competencias das restantes administracións e das empresas públicas que delas dependen. Por primeira vez, neste MAC efectúase un reparto indicativo por rexións do conxunto dos fondos estruturais e dun total de 26.300 millóns de ECUs estímase que a Galicia lle corresponden 3.268, o que representa un 12,4 %, aínda que se se ten en conta que 2.446 millóns non son rexionalizables a priori, a anterior porcentaxe elevaríase a un 13,7 %.

Unha parte do MAC plurirrexional e a totalidade do MAC rexional desenvólvense en tres programas operativos de Galicia, un por cada fondo estrutural, sendo os dous máis significativos os que desenvolven o FEDER e mailo FSE.

O Programa Operativo do FEDER de Galicia (1994-1999) prevé un

MARCO COMUNITARIO DE APOYO (1994-1999). GALICIA.										
EIXES	Costo Total	Gasto Público Total	TOTAL	Subvenciones Comunitarias					Sector	
				FEDER	FSE	FEOGA	IROP	Nacional	Privado	
										FEDER
1. Integración e articulación territorial	458,76	458,76	300,4	300,40	0,00	0,00	0,00	0,00	158,36	0,00
2. Desarrollo del tejido económico	761,84	274,14	198,75	183,42	0,00	15,33	0,00	0,00	75,30	487,7
3. Turismo	47,89	24,78	15,49	15,48	0,00	0,00	0,00	0,00	9,29	23,11
4. Agricultura/Desarrollo rural	449,52	436,21	316,25	12,72	0,00	303,53	0,00	0,00	119,96	13,31
5. Pesca	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Infraestructuras de apoyo a actividades económicas	302,63	302,63	183,42	174,04	9,38	0,00	0,00	0,00	119,21	0,00
7. Valorización de recursos humanos	276,84	276,84	206,36	36,71	169,65	0,00	0,00	0,00	70,48	0,00
8. Asistencia técnica, acompañamiento e información	5,44	5,44	4,22	4,22	0,00	0,00	0,00	0,00	1,22	0,00
<b>Total*</b>	<b>2.362,92</b>	<b>1.778,8</b>	<b>1.224,89</b>	<b>727,00</b>	<b>179,63</b>	<b>318,86</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>583,91</b>	<b>524,12</b>

Fonte: Comisión Europea, España. "Marco comunitario de apoio 1994-1999. Objetivo nº 1; desarrollo y ajuste estructural de las regiones menos desarrolladas", 1996.

custo total programado de 395.408 millóns de pesetas; a 31 de decembro de 1997 xa se executara o 66,13 % do inicialmente orzado. No cadro 12 preséntase de forma resumida a contía do programado nos diferentes eixes de actuación que a continuación se resumen:

<b>PROGRAMA OPERATIVO DE GALICIA (1994-1999)</b>		
<b>EIXES</b>	<b>CUSTO PROGRAMADO</b>	<b>COMPROMISO FEDER</b>
1. Integración e articulación territorial	254.453.996	161.143.887
2. Desenvolvemento do tecido económico	63.377.767	37.126.425
3. Turismo	3.954.808	2.471.756
4. Agricultura e desenvolvemento rural	3.247.589	2.029.742
5. Pesca	1.814.482	1.315.503
6. Infraestrutura de apoio á actividade económica	55.620.384	32.943.114
7. Valorización de recursos humanos	12.070.111	8.751.032
8. Asistencia técnica, seguimento e información	868.865	673.390
<b>Total</b>	<b>395.408.002</b>	<b>246.454.849</b>

Fonte: Ministerio de Economía e Facenda.

1.- Integración e articulación territorial.- Dos 254.453 millóns de pesetas programados, o 41,06 % destínase á execución, por parte do Ministerio de Fomento, da autovía do Noroeste. Cómpre subliñar tamén, no capítulo de estradas, a realización por parte da Administración autonómica durante este período das vías de alta velocidade Monforte de Lemos-Lalín; Padrón-Ribeira; A Coruña-Carballo e a vía rápida do Salnés. Para o conxunto da mellora da infraestrutura viaria a Administración galega dispón de 54.291 millóns de pesetas.

Menores son as contías destinadas á mellora do ferrocarril xa que a previsión de gasto é de 15.756 millóns de pesetas.

O eixe complétase con actuacións nos aeroportos e portos galegos e cunha serie de programas, no sector das telecomunicacións; un deles, de especial singularidade, coméntase con detalle nas próximas páxinas.

- 2.- Desenvolvemento do tecido económico.- O máis significativo deste eixe é a actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que mediante o instrumento financeiro da subvención global poderá xerar actuacións por valor de 15.899 millóns de pesetas e que executou ata finais de 1997, 5.720 millóns de pesetas. Gran parte do sistema de incentiación á actividade económica levada a cabo pola Xunta de Galicia asenta nesta subvención global.

Con referencia ó inicialmente programado no MAC e no propio Programa Operativo, no ano 1996 engadíuselle a este eixe o denominado Programa Compostela que está executando o Ministerio de Economía e Facenda, cun custo programado de 7.035 millóns de pesetas.

- 3.- Turismo.- Para este eixe programouse un gasto de 3.955 millóns de pesetas, dos que o conфинanciamento do FEDER representa o 62,5 %. As actuacións concréntanse no fomento ó turismo rural e na recuperación dos recursos culturais. En canto ó primeiro destaca a rehabilitación de balnearios e casas de labranza, mentres que o segundo se dirixiu á rehabilitación do patrimonio arquitectónico galego.
- 4.- Agricultura e desenvolvemento rural.- Os proxectos financiados polo FEDER neste ámbito refírense a pequenas infraestruturas viarias nas catro provincias galegas.
- 5.- Pesca.- Ademais do IFOP, a través deste programa operativo apóiase o sector pesqueiro galego ó financiar as investigacións realizadas polo Instituto Nacional de Oceanografía, para o cal se prevé un custo de 1.814 millóns de pesetas.
- 6.- Infraestruturas de apoio á actividade económica.- O total deste eixe supón un custo programado de 55.620 millóns de pesetas, que se distribúen nunha serie de accións que van desde a mellora dos abastecementos

de auga (9.953 millóns de pesetas) á mellora das infraestructuras enerxéticas (12.993 millóns), sen esquecer a atención á protección e mellora do ambiente (15.714 millóns), o tratamento dos residuos sólidos (11.824 millóns) ou a provisión de equipamentos sanitarios (10.218 millóns). Isto inscríbese na necesidade de lograr unha mellora na calidade do hábitat galego potenciando unha urbanización equilibrada.

7.- Valorización dos recursos humanos.- Para este eixe prevese un custo total de 12.070 millóns de pesetas, a maior parte dos cales se destina á dotación de infraestructuras que permitan mellorar os actuais equipamentos para a formación, o cal complementa as actuacións cofinanciadas polo FSE.

O maior volume de gasto absórbeno a creación e mellora dos centros educativos das tres universidades galegas.

8.- Asistencia técnica.- Este eixe, que se centra nas actuacións de apoio á execución das accións anteriores, conta cun total programado de 869 millóns de pesetas. O órgano executor é a Consellería de Economía e Facenda. O 77,5 % é cofinanciado con fondos FEDER.

O Programa Operativo do FSE de Galicia (1994-1999) persegue como principal obxectivo o desenvolvemento dos recursos humanos da rexión coa finalidade de favorecer a súa integración laboral e a súa adaptación ás necesidades do mercado de traballo. Este programa está integrado por seis accións: 1.- Formación profesional, educación. 2.- Formación profesional agraria. 3.- Formación profesional pesqueira. 4.- Formación de investigadores. 5.- Formación ocupacional. 6.- Axudas ó desemprego. Con estas accións preténdese:

- A inserción profesional dos parados de longa duración e a dos mozos que buscan o seu primeiro emprego.
- A integración das persoas ameazadas de exclusión do mercado laboral e a promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no mercado de traballo.
- Promover o crecemento do emprego favorecendo a súa estabilidade.

- Reforzar e mellorar os sistemas de ensino, incidindo especialmente nas ensinanzas que gardan relación estreita co mercado laboral, as novas tecnoloxías e o desenvolvemento económico.

No que se refire ás accións levadas a cabo pola Xunta de Galicia durante os últimos anos, obsérvase a tendencia de reducir as accións dedicadas á formación para centrarse naquelas destinadas á creación de postos de traballo en tódalas súas vertentes, dándolles especial importancia ás medidas de fomento do autoemprego.

O PO que desenvolve os recursos do FEOGA-Orientación previstos no eixe 4 (Agricultura e desenvolvemento rural) do MAC denomínase "Agricultura e desenvolvemento rural de Galicia 1994 – 1999" e foi aprobado pola Comisión o 14 de decembro de 1994. O programa divídese nos subprogramas seguintes:

- 1.- Mellora das condicións da produción agraria: concentración parcelaria. Destínase un total de 27.092 millóns de pesetas para proseguir coa política de concentración parcelaria en Galicia iniciada no ano 1954. Durante o período 1994-1999 está previsto concentrar 75.000 hectáreas, o que afectará a máis de 200.000 explotacións e a uns 80.000 habitantes do medio rural. Asemade prevese arranxar a rede viaria.
- 2.- Protección e conservación dos recursos naturais: loita contra os incendios. Os obxectivos deste subprograma son: o fomento da produción forestal; a defensa dos montes contra os incendios e a conservación da biodiversidade. Unha parte moi importante dos 24.951 millóns de pesetas deste subprograma diríxese á eliminación nos montes de material combustible e á construción de infraestrutura de loita contra o lume.
- 3.- Reconversión e mellora da calidade.- Destínanse durante este período 14.849 millóns de pesetas para desenvolver 11 medidas co fin de reorientar e mellorar as producións agrarias. As administracións estatal e autonómica prevén un gasto total de 14.849 millóns de pesetas.

Nos tres anteriores subprogramas a participación do fondo estrutural será do 72,5 % do investimento público realizado.

- 4.- No mes de xuño de 1996 aprobouse con cargo a este fondo un subpro-

grama destinado ó desenvolvemento e á diversificación económica nas zonas rurais baixo a denominación de PRODER. O obxectivo é conseguir diversificar a procedencia das rendas en zonas rurais. O volume máximo de gasto previsto é de 7.600 millóns de pesetas dos que o financiamento comunitario alcanzará os 3.815 millóns.

O marco plurirrexional, ademais de financiar os tres PO de Galicia antes comentados, permite desenvolver actuacións, mediante o FEDER, que inciden en tódalas comunidades autónomas do obxectivo 1 e, por conseguinte, tamén afecta a Galicia. A modo de catálogo coméntanse a continuación estas intervencións:

- Programa Industrial Tecnolóxico Mediambiental (Pitma II). A Comunidade financia o 70 % do gasto público de axudas a favor da industria co fin de reducir ou de eliminar a contaminación do medio xerada pola propia actividade industrial.
- Programa de promoción da investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación. O FEDER financia o 71,37 % do investimento total durante o período 1997-1999 e o seu obxectivo é reforzar a infraestrutura productiva das rexións españolas menos desenvolvidas.
- Subvención global ó Instituto para a Diversificación e Aforro Enerxético co fin de promover o uso racional da enerxía na industria e protexer o medio. Trátase dunha prolongación do antigo programa comunitario Valoren. A contribución da Comunidade será do 12,3 % dos custos totais estimados.
- Subvención global ó Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España co fin de fomentar o desenvolvemento endógeno mediante a axuda ás pemes para que superen a dimensión local dos seus mercados. A contribución do FEDER é do 51,80 % dos custos totais estimados.
- Subvención global ó Instituto de Crédito Oficial (ICO) para facilitar o acceso das pemes ós recursos financeiros. O FEDER contribúe co 70 % dos custos totais estimados.

- Subvención global ó Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) destinada a fomentar o desenvolvemento endógeno mediante a mellora da capacidade tecnolóxica e a promoción de novas tecnoloxías. A contribución comunitaria é do 30,3 % do custo total estimado.
- Programa Operativo de Desenvolvemento Local, destinado, mediante accións integradas, a mellorar as condicións de vida da poboación, prestando unha atención especial á conservación dos espazos naturais e ó medio. O 71,5 % do investimento total corre a cargo do FEDER e o 28,5 % restante, das autoridades locais.
- Programa Operativo de Medio Ambiente Local, dirixido a protexer o medio nos municipios con máis de 50.000 habitantes. A Comunidade contribúe co 70,10 % do investimento total.
- Programa Operativo de Axudas Rexionais. O FEDER cofinancia cun 12,4 % os investimentos totais correspondentes ó sistema de axudas ás empresas enmarcadas nas actuacións do Goberno no que se denominan incentivos rexionais.
- Programa Operativo de Mellora Científica e Infraestrutura Tecnolóxica, destinado a consolidar as infraestruturas tecnolóxicas e a crear vínculos de colaboración entre os centros públicos e as empresas privadas. O cofinanciamento supón o 65,9 % do investimento total.
- Programa Operativo de Asistencia Técnica, destinado a axudas ás administracións públicas. O cofinanciamento é do 75 % do gasto total.
- Programa Operativo de Mellora do Catastro. Neste programa colaboran o FEDER e mailo FEOGA-Orientación e destina 79,404 millóns de ECUs para a mellora do catastro.

Finalmente, o marco plurirrexional prevé, no eixe de pesca, unha subvención do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) de 995 millóns de ECUs (incrementándose posteriormente en 13,74 millóns máis). Este novo sistema comezou a funcionar no ano 1995, unha vez aprobado o Plan Sectorial Pesqueiro Español para o período 1994-1999. Tras un acordo alcanza-

do entre o Goberno central e as administracións autonómicas, o primeiro reserva para si o 35 % do total dos fondos IFOP, e o 65 % restante distribúese entre as comunidades autónomas. A Galicia correspóndelle o 47,33 %. Isto tradúcese en que Galicia recibirá, da parte que lle corresponde no reparto por comunidades autónomas, 42.257 millóns de pesetas de fondos IFOP durante o período de programación, que se incrementarían ata os 54.000 millóns, se se considera a achega en axudas das administracións españolas implicadas en cada acción.

As accións que se desenvolven en Galicia divídense en sete ámbitos, sendo os máis importantes o axuste do esforzo pesqueiro; a renovación e modernización da flota; e a transformación e comercialización de produtos da pesca.

No actual esquema de axudas comunitarias non se pode esquecer o papel desempeñado en Galicia polos Fondos de Cohesión, mediante o cal se financian proxectos de infraestruturas de transportes e ambientais. En canto ás infraestruturas de transportes cabe indicar a subvención, nestes últimos anos, de tramos da autovía das Rías Baixas (algúns na Comunidade de Castela-León, pero básicos para o desenvolvemento económico de Galicia) por valor de 21.563,65 millóns de pesetas en 1995; 29.540,49 millóns en 1996 e 21.695,62 millóns en 1997. No sector de transporte as actuacións complétanse coa renovación da vía férrea Ourense-Guillarei.

En medio ambiente destaca a recuperación do litoral costeiro e o saneamento integral da Ría de Vigo.

#### *- Iniciativas comunitarias. 1994-1999*

Una achega significativa de fondos estruturais a Galicia provén das denominadas Iniciativas Comunitarias, entendéndose estas como accións emprendidas pola Comisión de acordo co Estado membro interesado e para o cal dispón no período 1994-1999 do 9 % dos créditos de compromiso dos fondos estruturais.

En Galicia, as Iniciativas máis significativas aplicadas actualmente son:

INTERREG II.- En canto a fondos, trátase da Iniciativa máis importante. Foi aprobada o 31 de marzo de 1995, pretende favorecer a cooperación trans-

fronteiriza entre España e Portugal e beneficiase do FEDER, do FSE e do FEOGA. Con esta actuación abórdase un dobre obxectivo. Por un lado, complétanse as accións de infraestrutura iniciadas co programa Interreg I, pero a pretensión fundamental consiste en incidir na cooperación transfronteiriza, sobre todo a través de intervencións que desenvolvan o potencial endógeno das empresas e os axentes económicos. O ámbito de actuación en Galicia son as provincias de Ourense e Pontevedra. O custo total do programa (España-Portugal) é de 347.298 miles de ECUs, estimándose a contribución comunitaria nun 73,09 %.

Neste mesmo marco, pero de forma separada, a Comisión apoiou a realización dos sistemas de interconexión, recollida e transporte de gas natural entre España e Portugal financiando a construción do gasoducto Tui-Vilalba.

RECHAR II.- Trátase dun programa de actuación nas zonas mineiras de carbón e en Galicia incide nos municipios coruñeses das Pontes de García Rodríguez e Cerceda con fondos FEDER. Cobre o período 1994-1997 e prevese que o custo das actuacións nestes municipios sexa de 1.804 millóns de ECUs, dos que 1.174 son contribución comunitaria.

KONVER II.- Aprobada o 19 de decembro de 1997, abarca o período 1995-99 e o seu obxectivo é fomentar, con fondos FEDER, a reconversión industrial en zonas gravemente afectadas pola crise da industria bélica. As intervencións en Galicia están a cargo da Empresa Nacional Bazán e a Empresa Nacional Santa Bárbara, para o que se estima un custo total de 5.486 miles de ECUs, dos cales 2.743 serán contribución comunitaria.

RESIDER II.- Incide sobre as zonas afectadas pola reconversión siderúrxica con fondos FEDER. O período de actuación é 1994-1997 e o custo do subprograma correspondente a Galicia é de 1.579 miles de ECUs, dos cales 1.184 son contribución comunitaria. Afecta á empresa Megasa.

URBAN.- Concibiuse para solucionar os problemas económicos e sociais das áreas urbanas. Beneficiase de fondos FEDER e FSE. En Galicia, nunha primeira decisión, son cidades subvencionables A Coruña e Vigo, e posteriormente, nunha segunda decisión, tamén se apoia a Pontevedra.

Tamén, Galicia participa na decisión da Comisión sobre a Iniciativa

Pesca, a cal se beneficia de fondos correspondentes ó FEDER, ó FSE e ó IFOP e espérase unha subvención comunitaria durante o período 1994-1999, nos proxectos competencia da Xunta de Galicia, de 1.914 millóns de pesetas. Igualmente, cómpre destacar a iniciativa PEME, que incide nos problemas que afectan á capacidade competitiva das pemes e a iniciativa RETEX II (finalizada no ano 1997) coa que se pretende diversificar as actividades nas rexións dependentes do sector téxtil.

Con fondos FEOGA artículase a Iniciativa LEADER II, cun investimento previsto en Galicia de 20.587,55 millóns de pesetas durante o período e baixo o cal se articularon 26 grupos de acción local.

Finalmente, con fondos FSE aprobouse a Iniciativa Emprego e Recursos Humanos, que integra unha multiplicidade de proxectos (igualdade de oportunidades para as mulleres; mellora das perspectivas de emprego para minusválidos; fomento da integración dos mozos no mercado de traballo; e acceso ó mercado de traballo ós grupos máis vulnerables). A maioría destes programas continúan desenvolvendo iniciativas existentes no anterior período de programación (1989-1993).

## 4. O IMPACTO DAS AXUDAS EUROPEAS EN GALICIA

Da análise anterior obsérvase a existencia de tres etapas trala integración de España na CE: un primeiro período que vai desde 1986 a 1988, un segundo período que transcorre entre 1989 e 1993, e finalmente, o período actual, que, iniciándose no ano 1994, finalizará en 1999. A reforma dos fondos estruturais de 1988 marca un punto de inflexión na política rexional comunitaria e os momentos clave para avaliar os resultados desta política coinciden co final do período de planificación, ou sexa, os anos 1994 e 2000.

O balance realizado pola Comisión Europea no ano 1994 referido ó primeiro período de planificación amosa sobre a economía galega certos claroscuros que invitan a proseguir no desenvolvemento das políticas estruturais. Se se utiliza como indicador o crecemento do PIB, a Comisión situaba a Galicia nun segundo grupo de rexións cunha evolución do PIB per cápita que se aproximou á media comunitaria. Ó inicio deste traballo xa se indicaba que mentres en 1989 o índice do PIB per cápita de Galicia con respecto á Europa xa ampliada a 15 países era do 60,0 %, a finais de 1993 alcanzábase o 63,6 %. Se o indicador que se utiliza é a evolución nos niveis de emprego, neste caso Galicia situárase nun último grupo de rexións nos que a creación de emprego foi moi baixa ou incluso diminuíu. Agora ben, o importante durante este período é que con estas axudas se asentaron as bases para un desenvolvemento sostido nunha rexión que historicamente presentou carencias de todo tipo. Por iso, a propia Comisión subliña que se conseguiron resultados tanxibles no sector de transportes, sobre todo en estradas, en telecomunicacións co forte avance experimentado na rede telefónica, as liñas en servizo, a dixitalización, etc.

Por outro lado, malia a crise económica vivida ó final de este período, conseguíronse avances substanciais na infraestrutura tecnolóxica das empresas, o que redundou nunha maior produtividade, ó que tamén contribuíron os fondos destinados á xestión e cualificación dos recursos humanos co FSE.

Tamén houbo avances significativos e unha maior preocupación polos problemas medioambientais que melloran a calidade de vida dos cidadáns galegos. Por último, neste período, no que se produciu a segregación da Universidade de Santiago de Compostela, o FEDER prestou unha importante axuda á construción de infraestruturas tecnolóxicas e de apoio ó I+D.

Esta inxección de fondos incrementouse durante o período 1994-1999 debido fundamentalmente á construción de dúas infraestruturas de transporte básicas na nosa Comunidade (autovías do Noroeste e das Rías Baixas), a primeira financiada co FEDER e a segunda, cos fondos de cohesión. A falta de coñecer a avaliación final deste segundo período de planificación, en 1997 realizouse, por impositivo legal, unha avaliación intermedia. Nos tres primeiros anos obsérvase un atascamento na evolución dos dous indicadores manexados anteriormente. A finais de 1996 o PIB per cápita representaba o 63,4 % (sendo 100 a media comunitaria) e a evolución do emprego ante os cambios estruturais que se estaban xerando, sobre todo no sector primario, non era plenamente satisfactoria.

Ninguén dubida, emporiso, de que os investimentos realizados con cargo ós fondos estruturais e de cohesión están dotando a Galicia dos medios necesarios para poder competir con expectativas de éxito no actual mercado globalizado.

## PLAN DE TELEFONÍA RURAL EN GALICIA

A diseminación da poboación e a complexidade da orografía galega, ademais das condicións climáticas, condicionaron durante anos o desenvolvemento das telecomunicacións en Galicia. Seguindo o sistema tradicional de liñas de postes e de cables, a finais da década dos oitenta requíriáanse 150.000 millóns de pesetas para levar o teléfono ata o último recuncho de Galicia.

Co acordo alcanzado entre a Xunta de Galicia e Telefónica en abril de 1992 sobre telefonía rural resólvese parte das carencias históricas que Galicia tiña no sector das telecomunicacións e asemade séntanse as bases para o seu desenvolvemento. A finais de 1995, 102.000 vivendas illadas do rural pasaron dunha incomunicación case total a disporen de teléfono e gracias á consideración de zona urbana total para efectos telefónicos de toda Galicia, a partir de 1993, superáronse os problemas que tiña a cota de extrarradio, que, de media, supuña un custo para o solicitante de teléfono de 300.000 pesetas, superándose nalgúns casos o millón.

Conseguir estes obxectivos requiriu, ademais de importantes esforzos de investigación e xestión, a dedicación de recursos investidores importantes. Así, o Plan de Telefonía Rural incluíuse no Programa Operativo do FEDER de Galicia (1994-1999), no eixe 1.7. de telecomunicacións, na acción 1.7.2. de mellora da telefonía rural, tendo previsto o seguinte financiamento:

Custo elixible total:	27,520 millóns de ECUs
Axuda comunitaria:	9,631 millóns de ECUs
Cofinanciamento Xunta de Galicia:	17,890 millóns de ECUs

Nun curto período de tempo, Telefónica tivo que desenvolver o adaptador celular, que se instala nas casas do rural galego e que permite que a telefonía básica comparta a estrutura de rede da telefonía móbil automática sen que o usuario aprecie ningunha diferenza con respecto ó comportamento dun teléfono convencional por cable. O desenvolvemento do sistema Telefonía Rural por Acceso Celular (TRAC) é un dos feitos diferenciais máis importantes nas telecomunicacións en Galicia nos últimos anos. Así mesmo, en sete meses instalouse unha central intelixente que, polas súas características, foi a primeira no mercado internacional das telecomunicacións. Esta central ten unha capacidade para gobernar 135.000 teléfonos e é capaz de distinguir entre os que se instalan como fixos no rural (que tanto en funcionamento como en tarifa aplicable se tratan coma se fosen un teléfono convencional por cable) e os móbiles e portátiles persoais que operan en Galicia no sistema TMA-900.

A cobertura total do territorio galego esixía o desenvolvemento da Rede de Estacións de Radiobase que garantisen calidade e fiabilidade. Nun principio prevéronse 62 estacións, pero para conseguir unha maior calidade e seguridade do sistema en 1994 alcanzáranse as 100 estacións e en 1995 eran xa 117. Esta rede comparte os recursos da telefonía móbil automática, polo que ten o valor adicional de que a cobertura en Galicia sexa equiparable á existente en zonas urbanas doutras comunidades.

En definitiva, tras estas actuacións o número de liñas telefónicas en servizo en Galicia por cada 100 habitantes era a 31 de decembro de 1996 de 34,87, con 971.228 liñas en servizo.

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

BBV "Informe Económico 1997", Bilbao 1998

COMISIÓN EUROPEA "Fondos estructurales comunitarios 1994-1999. Textos reglamentarios y comentarios", OPOCE, Luxemburgo 1993.

COMISIÓN EUROPEA "España. Marco comunitario de apoyo. Objetivo nº 2 1994-1996.", Bruselas 1994.

COMISIÓN EUROPEA "España. Marco comunitario de apoyo 1994-1999. Objetivo nº 1. Desarrollo y ajuste estructural de las regiones menos desarrolladas", OPOCE, Luxemburgo 1996.

COMISIÓN EUROPEA "Primer informe sobre la Cohesión económica y social 1996", OPOCE, Luxemburgo 1997.

COMISIÓN EUROPEA "España. Marco comunitario de apoyo. Objetivo nº 2 1997-1999", Bruselas 1997.

COMISIÓN EUROPEA "Guía de iniciativas comunitarias 1994-1999", OPOCE, Luxemburgo 1998.

COMISIÓN EUROPEA "El impacto de los Fondos estructurales en España", Infopress.

COMMISSION EUROPÉENNE "L'impact des politiques structurelles sur la cohésion économique et sociales de l'Union 1989-1999", OPOCE, Luxemburgo 1997.

CORREA, M.D., FANLO, A., MANZANEDO, J. y SANTILLÁN, S. "Fondos comunitarios en España: Regionalización y análisis de incidencia". Ministerio de Economía y Hacienda, Dirección General de Planificación, D-95002, 1995.

CORREA, M.D. y MALUQUER, S. "Efectos regionales del presupuesto europeo en España", Generalitat de Catalunya, Institut d'Estudis Autònoms, Barcelona 1998.

EUROSTAT "Regiones. Anuario estadístico" OPOCE, Luxemburgo 1997.

EUROSTAT "Statistiques en bref. Régions" (Varios números), OPOCE, Luxemburgo.

FUNCAS "Las comunidades autónomas en 1997", Cuadernos de Información Económica, nº 132-133, 1998 (Esta publicación dedica todos los años un número monográfico al tratamiento de la evolución coyuntural de las comunidades autónomas. Varios de estos números han sido utilizados en la preparación de este documento).

FUNDACIÓN BBV "Renta nacional de España y su distribución provincial 1993. Avance 1994-1995", Bilbao 1997.

FUNDACIÓN BBV "Renta nacional de España. Síntesis 1993. Avance 1994-1995", Bilbao 1997.

INE "Encuesta de Población Activa" (Se trata de una publicación trimestral de la que se han utilizado diversos números en la preparación de este documento).

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA "España. Plan de reconversión regional y social 1994-1996. Zonas españolas incluidas en el Objetivo nº 2 de los Fondos Estructurales Comunitarios", Madrid 1994.

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA "Plan de desarrollo regional 1994-1999. Regiones incluidas en el Objetivo nº 1 de los Fondos Estructurales Europeos", Madrid 1994.

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA "La programación regional y sus instrumentos. Informe anual 1997", Madrid 1998. (Distintas ediciones de este informe anual han sido utilizadas en la preparación de este documento).

VILLAVERDE CASTRO, J. "Diferencias regionales en España y Unión Monetaria Europea", Pirámide, Economía XXI, Madrid 1998.

Nota: Además de las publicaciones reseñadas, la elaboración de este documento ha requerido, para cada comunidad autónoma, la utilización de los correspondientes Planes Operativos y Documentos Únicos de Programación, así como el empleo de información suministrada directamente por distintas Direcciones Generales de la Comisión Europea. De igual manera, se ha hecho un uso amplio de los números de *Papeles de Economía Española (Serie de Comunidades Autónomas)*, editados por FUNCAS, y de los de *Situación (Serie Estudios Regionales)*, editados por el BBV, debido al tratamiento a fondo que efectúan de la economía de las distintas regiones españolas.

## COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS

Representación en España

Paseo de la Castellana, 46

E-28046 MADRID

Teléfono: 91 431 57 11

As informacións contidas nesta colección foron elaboradas a partir do material facilitado por diferentes Direccións Xerais e Servicios da Comisión Europea. Tamén se contou coa colaboración da Dirección Xeral de Planificación do Ministerio de Economía e Facenda e de diversos Servicios das Comunidades Autónomas.

### *Redacción:*

Alberto Meixide e Juan José Ares

(Universidade de Santiago de Compostela)

### *Coordinación Xeral:*

José Villaverde Castro

(Universidade de Cantabria)

### *Supervisión Técnica:*

Fundación das Caixas de Aforros Confederadas (FUNCAS)

### *Traducción:*

Xermán García Cancela

Reproducción autorizada, agás con fins comerciais, sempre que se cite a fonte.